



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 8816 / 113

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO: SERVICIOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

ACTUALIZACIÓN APLICATIVOS: XESTIÓN DO IAE E XESTIÓN DA PLUSVALÍA

1 Antecedentes

1. O Boletín Oficial do Estado de data 17 de novembro de 2015, publicou a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.
2. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de Xaneiro de 2016, acordou, aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 e aprobou a memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada "ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL".
3. Con data 3 de outubro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, publica a Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outras se CONCEDE axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00€.

De acordo coa Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, a Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2016 acordou aceptar a axuda de 15.000.000,00 €, outorgada polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas por Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

4. Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €.
5. O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.
6. O orzamento municipal recolle dentro do Capítulo II a aplicación orzamentaria 9207.6400002 (OT2. LA1, AD. LEI39/40/2015, DESENV. INMATERIAL).

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 1 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 1 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



7. A actuación 'Expediente económico dixital' ten como obxectivo a adaptación das aplicacións informáticas relacionadas coa xestión económica, ao procedemento administrativo establecido polo novo marco normativo actual (Lei 39/2015 e 40/2015).

2 Obxecto

O obxecto deste contrato é a actualización das aplicacións informáticas para a Xestión do Imposto de Actividades Económicas e do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (coñecido como PLUSVALÍA), coas funcionalidades que se especifican no PPT, a fin de continuar coa actualización dos sistemas de xestión informática que dan soporte á Xestión Tributaria Municipal.

LOTES:

Non procede a división en lotes deste contrato porque tal división dificultaría a súa correcta execución, xa que resultaría excesivamente custoso e complicado dividir as tarefas de xeito independente e coordinar o seu desenvolvemento sobre o mesmo software de diferentes grupos de traballo. De dividir en lotes, precisaríanse procesos de sincronización e probas entre os diferentes desenvolvementos e producións, que requirían un contrato específico.

3 Xustificación da Insuficiencia de Medios

Este servizo carece de persoal propio para acometer o desenvolvemento destes aplicativos. A carga de traballo que se está a soportar como consecuencia da entrada en vigor de novas normativas (como as leis 39/2015 e 40/2015) xunto coa cantidade de vacantes sen ocupar neste servizo (1 analista e 3 programadores) motivan a imposibilidade de acometer este proxecto con medios propios.

Para o desenvolvemento deste proxecto, estímase a seguinte carga de traballo por perfil profesional:

| | |
|-----------------|-----------|
| Xefe/a Proxecto | 90 horas |
| Analista | 220 horas |
| Programador/a | 938 horas |

Por outra banda, atendendo ao artigo 157.3 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, consultado o directorio xeral de aplicacións dependente da Administración Xeral do Estado, non se atopa en dito directorio ningunha aplicación que cubra as necesidades expostas no PPT do presente contrato.

4 Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto.

A forma de tramitación é Ordinaria

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 2 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 2 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



5 Prezo do contrato e xustificación

5.1 Prezo do contrato

O prezo do contrato é de **89.999,80 €**, sendo o importe correspondente ao IVE de 15.619,80 €.

Como o proxecto será executado en dous exercicios orzamentarios, o importe imputarase á aplicación orzamentaria 9207.6400002 (OT2. LA1, AD. LEI39/40/2015, DESENV. INMATERIAL) no exercicio 2019:

| Partida | Exercicio | Base | IVE. | Importe total |
|---------------|-----------|------------------|------------------|--------------------|
| 9207. 6400002 | 2019 | 74.380,00 | 15.619,80 | 89.999,80 € |

O prezo do contrato estímase tendo e conta que o proxecto comprende o desenvolvemento de *software* e a integración coa contorna propia do Concello de Vigo. Esta circunstancia motiva a necesidade dunha importante asignación de recursos humanos, que comprenda a análise do *software* e das propostas de integración coas diferentes aplicacións, como a Xestión de Expedientes Municipal.

5.2 Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación ascende a 89.999,80 €, sendo 15619,80 o importe correspondente ao IVE. Este orzamento obtense en base ás propostas técnicas contempladas no PPT e, tendo en conta os prezos do mercado, ao seguinte desglose de custos:

5.2.1 *Custos laborais*

Considéranse os importes salariais segundo o XVIII Convenio Colectivo Nacional de empresas de enxeñería e oficinas de estudos técnicos. Estímase que estes custos supoñen en total o 70% do orzamento, repartido segundo a carga de traballo esperada para cada perfil:

- Xefe/a de proxecto (tarefas de coordinación): 6%
- Analista (análise de datos e estruturas tanto das existentes como das propostas para implantar): 14%
- Programador/a (a tarefa máis voluminosa en horas de traballo): 50%

5.2.2 *Custos directos*

Incluindo que a adjudicataria precisará licenzas de terceiros para efectuar o desenvolvemento e programación das aplicacións e que estas pasarán a ser propiedade do Concello de Vigo ao finalizar tal desenvolvemento, tendo en conta os prezos de mercado, estímase que estes custos representan o 10% do orzamento.

5.2.3 *Custos indirectos*

Inclúense gastos xerais como os financeiros, material de oficina, seguros e tributos dos que a adjudicataria deba responder. Considérase que estes custos supoñen o 5% do valor estimado do contrato.

5.2.4 *Beneficio empresarial*

Respecto á marxe empresarial sobre os custos do contrato, considérase que supón un 15% do valor estimado do contrato; o que implica unha previsión de 11.157,00 € por todo o contrato.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 3 -

| | | | |
|--|--|--|----------------|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/10/2019 08:50 | Páxina 3 de 10 |
| | Expediente 8816/113 | CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1 | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



5.2.5 Desglose total

| Concepto | custo |
|-----------------------|--------------------|
| Custos laborais | 52.066,00 € |
| Custos directos | 7.438,00 € |
| Custos indirectos | 3.719,00 € |
| Beneficio empresarial | 11.157,00 € |
| Sub-total | 74.380,00 € |
| I.V.E. (21%) | 15.619,80 € |
| Prezo Total: | 89.999,80 € |

5.3 Valor estimado e método de cálculo

O valor estimado do contrato é de 74.380,00 €.

Esta cantidade é o resultado de descontarlle o I.V.E. ao orzamento base de licitación, no cal se inclúen os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, tendo en conta que neste contrato non se contemplan posibles modificacións nin prórrogas.

6 Revisión de prezos

Non procede

7 Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril

O importe do contrato imputarase á partida orzamentaria 9207.6400002.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

Tendo en conta a dispoñibilidade de que esta actuación se atope incluída no ámbito da financiación Europea dos fondos FEDER, a través do proxecto "EDUSI VIGO VERTICAL", deberase ter en conta os seguintes requirimentos:

- Este proxecto é susceptible de cofinanciarse polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun porcentaxe máximo do 80% - Proxecto EDUSI VIGO VERTICAL.
- Se finalmente é aceptada, a súa proposta aparecerá na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Así mesmo, deberá incluírse nos pregos a seguinte obrigación para o adxudicatario:

No caso da aprobación da cofinanciación Europea FEDER, o adxudicatario da contratación estará obrigado a cumprir as obrigacións de información e publicidade comunitaria establecidas no anexo XII,

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 4 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 4 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



sección 2,2 do Regulamento (EU) nº 1303 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, e de maneira especial:

- a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.
- b) En toda difusión pública ou referencia ás actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc.), deberánse incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade coas normas gráficas establecidas, así como a referencia á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, incluíndo a lema "Unha maneira de facer Europa".

8 Prazo de execución e prórroga

O prazo de execución do contrato será de 9 meses a partir da data de sinatura do contrato, non contemplándose a posibilidade de prórroga. Se o contrato se formalizase con posterioridade á data prevista de inicio, o prazo reducirase, debendo rematar necesariamente o 31 de decembro de 2020.

| Fase | Duración máxima da fase |
|--------------------------------------|-------------------------|
| Entrega da funcionalidade 2.1 do PPT | 3 meses |
| Entrega da funcionalidade 2.2 do PPT | 3 meses |
| Aceptación final do proxecto | 3 meses |

Dado que a natureza do proceso permitiría a realización en paralelo das 3 fases anteriores, a duración do contrato ven determinada polos efectivos que adique o adxudicatario a este contrato, podendo variar tal duración ata un máximo de entre 3 e 9 meses. Por esta razón se contempla a posibilidade de rematar o contrato no actual exercicio, e polo tanto imputar o custo total con cargo ao exercicio 2019.

O prazo de execución do contrato queda xustificado pola natureza das prestacións, o financiamento e a necesidade de someter a concorrencia o contrato.

9 Solvencia

9.1 Solvencia técnica e profesional

En cumprimento do establecido nos artigos 87 e 90 da LCSP e a solvencia técnica e profesional dos licitantes deberá acreditarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, experiencia e fiabilidade, o que terá que acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 5 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 5 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



9.2 Solvencia económica e financeira

Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
- Ao valor anual medio do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

9.3 Medios persoais a adscribir ao contrato

O equipo humano asignado ao proxecto deberá estar formado a lo menos por:

- **Unha persoa directora de proxecto:** con titulación de enxeñeiro/a, licenciado/a ou grado. Correspóndenlle as tarefas de organizar, e distribuír o traballo realizado así como informar ao Concello do desenvolvemento do proxecto. Requírense polo menos 3 anos de experiencia demostrable en proxectos relacionados coa implantación de software neste ámbito.
- **Unha persoa Analista-Programadora:** con titulación de Enxeñeiro/a Informático/a, Enxeñeiro/a en Telecomunicacións ou equivalente. Correspóndenlle as tarefas de análise da información e das solucións aportadas para a integración, así como tarefas de programación necesarias. Requírense polo menos 3 anos de experiencia demostrable en sistemas de bases de datos *Informix* ou *Oracle* e en programación sobre *Optimize*.
- **Dúas persoas programadoras:** Con titulación superior Enxeñeiro/a Informático, Enxeñeiro/a en Telecomunicacións ou equivalente. Correspóndelles a escritura e desenvolvemento do código necesario para o funcionamento das solucións. Requírense polo menos 3 anos de experiencia demostrable en entornas de programación *Optimize*.

A experiencia e perfís profesionais que se solicitan baséanse na necesidade de que o desenvolvemento das aplicacións obxecto desta licitación requiren coñecementos en tecnoloxías da información referidas a programación, xestión de bases de datos e xestión tributaria, así como unha experiencia mínima no uso da ferramenta de desenvolvemento *Optimize*.

9.4 Xustificación da Solvencia

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

9.5 Xustificación dos medios persoais a adscribir ao contrato

En base ao artigo 76.2 e 76.3 da LCSP, queda xustificada a adscripción de medios persoais ao presente contrato dada a complexidade técnica do mesmo, sendo adecuada e realista á vez que resulta necesario establecer este mínimo persoal para garantir a adecuada execución do contrato, non limitando a participación de empresas na licitación.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 6 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 6 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



10 Criterios de valoración e xustificación

10.1 Criterios non suxeitos a fórmulas

- O proxecto comprende unha integración complexa e crítica polo que resulta necesario dispor dos detalles de desenvolvemento e implantación de cada un dos elementos que se solicitan e dos medios adscritos a eles. Valórase, por tanto:
 - a descrición do proxecto atendendo ás súas características técnicas e ás solucións aportadas
 - a organización e encadeamento das actividades,
 - a metodoloxía.
- Valórase tamén unha análise da viabilidade do proxecto que detalle aqueles problemas que pidan poñer en risco a súa realización. I
- Valóranse os medios humanos consignados, a fin de determinar a capacidade e a calidade e viabilidade do proxecto presentado. O coñecemento das ferramentas de programación a utilizar e a experiencia en proxectos similares, xa que son elementos que poden garantir un mellor e máis eficiente desenvolvemento do proxecto.
- Requisitos para a presentación da documentación: A documentación presentárase toda ela (incluíndo todos os criterios avaliábeis) nun único arquivo dixital coas seguintes limitacións:
 - Non debe superar os 15 MB de tamaño
 - Non debe superar as 50 páxinas (incluíndo portadas, índices, gráficos, etc.)
 - O formato de papel debe ser A4
 - O tipo de letra debe ser Arial de tamaño mínimo 10
 - O espazo entre liñas dos parágrafos debe ser polo menos de 1,15 liñas

10.2 Criterios suxeitos a fórmulas

- Características económicas: preténdese obter o máximo aforro posible para a administración.
- Ampliación do prazo de garantía: duración do período temporal durante o cal se arranxen sen custo adicional os erros ou comportamentos non desexados que detecten os usuarios no emprego normal dos programas.

10.3 Valoración

10.3.1 ***Criterios non suxeitos a fórmulas (50 puntos)***

- Proxecto: Valorárase con ata **40** puntos

Valoráranse os recursos asignados nas entornas de programación a empregar, atendendo a criterios de cantidade e calidade. A puntuación distribuirase segundo os seguintes subcriterios:

- Características técnicas do proxecto: ata 10 puntos
Valorárase o proxecto de desenvolvemento e implantación e as solucións e arquitecturas de cada un dos elementos de que consta o proxecto.
- Características funcionais, flexibilidade e parametrización (referidas no PPT): ata 20 puntos.
- Arquitectura proposta, facendo fincapé na flexibilidade, robustez e escalabilidade da solución proposta, as solucións aportadas, cronograma e metodoloxía: ata 10 puntos

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 7 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 7 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Plan de mantemento e xestión de riscos: valorarase con ata 5 puntos
Valorarase o plan no seu conxunto, facendo especial referencia aos mecanismos, ferramentas e técnicas específicas usadas para mitigar os riscos, coa finalidade de minimizar posibles problemas, incidencias e atrasos nos traballos a realizar.
- Recursos humanos e capacidade: valorarase con ata 5 puntos
Valorarase o equipo proposto para o proxecto e os traballos realizados en entornas de programación similares. Terase en conta:
 - As titulacións e formación das persoas membros do equipo
 - Os proxectos similares ao obxecto deste contrato nos que teñan participado e o tempo que estiveron implicados
 - A composición do equipo de traballo
- Presentación da documentación: Cando a documentación achegada non cumpra con calquera dos requisitos de cantidade de páxinas, formato de papel, espazo entre liñas, tipo e tamaño da letra, arquivo único ou tamaño do mesmo, procederase a súa valoración técnica pero a puntuación dos criterios non suxeitos a fórmulas será a metade dos puntos asignados aos citados criterios.

10.3.2 Criterios suxeitos a fórmulas (50 puntos)

- Oferta económica: máximo de 30 puntos. Valorarase outorgando a máxima puntuación ao licitador que oferte o menor prezo, e os demais valoraranse proporcionalmente.
- Bolsa de horas adicionais: ata 14 puntos. Valorase o mantemento evolutivo perfecto ata un máximo de 35 horas. Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que oferte maior número de horas e os demais valoraranse proporcionalmente.
- Incremento do prazo de garantía: ata 6 puntos. Outorgarase 3 puntos por cada ano adicional de garantía

Xustificación das fórmulas.- Estas fórmulas resultan adecuadas para a valoración dos criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto bo da Intervención Municipal.

11 Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Neste procedemento non se considerará que ningunha oferta conteña valores anormais

12 Condicións especiais de execución

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “*será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte*”, establécese neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

A condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúese así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 8 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 8 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



13 Modificación do contrato

Non procede.

14 Prazo e condicións de garantía

A contratación inclúe unha integral in-situ prestada polo adxudicatario que asegure que todas as infraestruturas, software, funcionalidades e elementos fornecidos consérvanse en condicións óptimas e están dispoñibles para a súa utilización.

O inicio do prazo de garantía prodúcese á aceptación por parte do Concello de Vigo das actuacións obxecto do contrato. Unha vez aceptado calquera dos elementos do contrato, ese elemento entrará en garantía.

O adxudicatario deberá garantir o resultado dos desenvolvementos que se realicen e implanten en relación á solución. O período de garantía terá unha duración mínima de 12 meses.

15 Subcontratación

A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 215, 216, 217 e a disposición adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público, no fixándose tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

16 Responsable do contrato

A persoa responsable do contrato é o Xefe do Servizo de Administración Electrónica

17 Lugar de entrega

Os programas instalaranse nos servidores do Concello de Vigo que especifique o Servizo de Administración Electrónica.

18 Seguro

Non se require seguro.

19 Outros aspectos a ter en conta na redacción do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares

As licenzas que a empresa adxudicataria precise adquirir para o desenvolvemento do proxecto, pasarán a ser propiedade do Concello de Vigo unha vez rematado o mesmo.

A proposta a valorar no sobre B constará dun único documento, en formato PDF, de como máximo 50 páxinas. Non se admitirán propostas que teñan tamaño superior.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 9 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 9 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unión Europea

INFORMÁTICA -
ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



20 Unidade Tramitadora

A unidade tramitadora será o Servizo de Administración Electrónica cod DIR3 : GE0000689

21 Data de inicio do contrato

Estímase como inicio do contrato a data de 30-09-2019

22 Forma de pago

O pago farase efectivo tras a posta en produción, e previa aceptación, segundo as entregas de cada unha das partes do proxecto, segundo a seguinte táboa:

| Fase | % do prezo total do contrato |
|--------------------------------------|------------------------------|
| Entrega da funcionalidade 2.1 do PPT | 40% |
| Entrega da funcionalidade 2.2 do PPT | 40% |
| Aceptación final do proxecto | 20% |

23 Condicións especiais de compatibilidade

Na elaboración das especificacións técnicas e nos documentos preparatorios deste contrato non participou previamente ningunha empresa externa á propia administración.

A Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica:

M. Pilar Alonso Cacheiro

O Xefe do servizo de Administración Electrónica:

Antonio Villanueva Guimeráns

Conforme,

o/a Concelleiro/a Delegada de Xestión Municipal:

Patricia Rodríguez Calviño

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Unha maneira de facer Europa

- 10 -



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 25/10/2019 08:50

Páxina 10 de 10

Expediente 8816/113

CSV: 25E5CD-CE26C1-D5C5D5-3KSNTV-D5NU2Q-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>